

# CO<sub>2</sub>RUÑA

NÚMERO 20

EDITA: ÁREA DE MEDIO AMBIENTE  
DO CONCELLO DA CORUÑA

BOLETÍN DIXITAL DE EDUCACIÓN AMBIENTAL  
DA **ÁREA DE MEDIO AMBIENTE**  
CONCELLO DA CORUÑA



## DÍA MUNDIAL DA MULLER TRABALLADORA

O 8 de marzo de 2018 foi o da folga masiva das mulleres. Millóns en todo o mundo secundaron un paro convocado por distintos axentes sociais baixo un lema común: o mundo sen mulleres, párase. Ao peche do día, manifestacións repletas nas principais cidades foron o colofón para unha xornada que na nosa foi festivo municipal.

Como fixemos o pasado ano coincidindo con esta data, desde este boletín homenaxeamos a todas as mulleres que traballan diariamente para que o noso medio ambiente mellore. Facémolo personificando nunhas cantas figuras de referencia que este ano son:



**CLAIRE NOUVIAN**, Francia

Claire liderou unha campaña de defensa contra a práctica pesqueira destrutiva do arrastre de fondo en alta mar. O seu traballo conseguiu o apoio francés para prohibir a práctica e ao fin logrou tamén estender a prohibición a toda Europa.



**FRANCIA MÁRQUEZ**, Colombia

Líder formidable da comunidade afro-colombiana. Márquez presionou ao goberno e organizou ás mulleres da súa rexión para deter a minería ilegal de ouro. Logrou mobilizacións e unha repercusión impensable ata entón para unha zona do Planeta azoutada pola violencia durante décadas.



**MAKOMA LEKALAKALA E LIZ MCDAID,**  
Sudáfrica

Makoma Lekalakala e Liz McDaid desenvolveron unha ampla coalición para deter o acordo nuclear entre Sudáfrica e Rusia. O seu traballo deu como resultado unha vitoria legal transcendental pola cal Sudáfrica figurará como país protexido contra os residuos nucleares para sempre.



**KHANH NGUY THI,** Vietnam

Khanh Nguy Thi logrou que en Vietnam as enerxías sustentables sexan parte da axenda do seu país fixando un final programado á dependencia enerxética do carbón. As súas iniciativas axudaron a eliminar no ano 2017 cento quince millóns de toneladas de emisións de dióxido de carbón.



**MARZO**

## A CORUÑA CONMEMOROU A HORA DO PLANETA

A praza de María Pita e varios monumentos da cidade apagaron as súas luces de 20:30 a 21:30 h.  
A Agrupación Astronómica Coruñesa ío colaborou no evento

O Concello da Coruña sumouse de novo neste ano 2018 á iniciativa internacional [A Hora do Planeta](#). Esta acción está impulsada por Adena WWF ([www.wwf.es](http://www.wwf.es)) que é unha das maiores organizacións non gobernamentais do mundo no terreo da conservación ambiental.

A Hora do Planeta é a maior campaña global de mobilización e loita contra o cambio climático. Esta iniciativa naceu en Sidney en 2007 e desde entón logrou a participación de máis de 7.000 cidades e pobos de 160 países, miles de empresas, centros educativos, entidades e particulares que suman a súa voz para demostrar que un futuro baseado nas enerxías limpas é posible.

Na Praza de María Pita organizáronse as seguintes actividades para celebrar esta xornada:

- Apagado da iluminación
- Instaláronse un conxunto de candeas que formaron os díxitos 60 + (sesenta minutos) ao pé do Palacio de María Pita, cunha representación dun planisferio mundial e o nome da nosa cidade "A Coruña".
- Durante a montaxe serviuse información impresa e conversouse cos veciños e veciñas acerca da iniciativa.
- Ademais, realizouse unha actividade lúdica para o público infantil que se achegou á celebración.



**Ás 20.30 horas apagáronse as luces da praza  
(Palacio Municipal incluído)**

21 DE MARZO DE 2018

## O CONCELLO CELEBROU O DÍA DOS BOSQUES CUNHA CHARLA E PLANTACIÓN CO ALUMNADO DO CENTRO ASPRONAGA

As plantación conmemorativa deste ano é a guinda dunha celebración que se estenderá durante todo o ano 2018.

O Plan **CORUÑA VIVA + NATURAL + SAUDABLE + COMPROMETIDA** prevé que ao longo do 2018 os veciños e veciñas da nosa cidade disfruten de mil cincocentos novos exemplares de diferentes especies nos nosos parques, xardíns, medianas e zonas de paseo. O investimento estimado neste proxecto alcanza os 800.000 euros co obxectivo de incrementar un 10 % a superficie arborizada.

Na data concreta do Día dos Bosques encheunos de orgullo contar cun colectivo moi importante nas políticas de conciliación familiar e de diversidade na cidade. De novo este 21 de marzo acompañáronnos as mozas e mozos do centro ASPRONAGA. Este centro educativo é un dous que na nosa cidade traballan a favor das persoas con diversidade funcional intelectual dende fai décadas. Despois de facer unha charla no seu Centro acompañáronnos á plantación no Paseo das Pontes, unha desas zonas que se está vendo moi favorecida por estas novas plantacións.



# O DÍA 22 DE MARZO O CONCELLO CELEBROU O DÍA MUNDIAL DA AUGA CON ACTIVIDADES DESTINADAS A NENOS E NENAS NO CENTRO CÍVICO DE SAN DIEGO

A campaña do Día Mundial da auga 2018 tivo como lema “A resposta está na natureza”. Por esa razón, as solucións baseadas na natureza, que axudan á consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable de la Organización de Nacións Unidas, foron o eixo das actuacións que conmemoraron este día a nivel global.

Os problemas ambientais locais e planetarios, o cambio climático..., provocan severas catástrofes que, en non poucas ocasións, teñen de protagonista á auga. Inundacións, secas ou a contaminación dos acuíferos agrávanse coa degradación da cuberta vexetal, a perda de chans fértiles ou por achegas sucias ás augas continentais. As solucións naturais poden dar resposta a moitos dos desafíos relacionados coa auga.

A nosa axenda levou as actividades do Programa de Educación Ambiental ao Centro Cívico San Diego. Ese día as rapazas e rapaces inscritos puideron asistir a unha pequena charla e os posteriores talleres educativos.

**Lugar:** Centro Cívico de San Diego

**Data:** 22 de marzo de 2018

**Horario:** as actividades desenvóléronse entre as 16 e as 20 horas

**Idades:** nenos e nenas de entre 6 a 12 anos

**Actividades:** charla, construción dunha potibilizadora e un mural e xogo da ruta da auga na nosa cidade.

NA NOSA CIDADE ESTÁN EN MARCHA MEDIDAS DE VERTIDO CERO E SOLUCIÓN BASEADAS NA NATUREZA COMO AS DESENVOLVIDAS NO PARQUE DE EIRÍS



## DÍA DA NAI TERRA 22 DE ABRIL

O Concello da Coruña celebrou co alumnado do Centro ADCOR ou Día da Nai Terra

Para a celebración do día 22 percorremos un interesante paseo polo que cada día camiñan moitísimos veciños e veciñas dá nosa cidade. Fano sen reparar na riqueza que agocha, apurando o paso de camiño ao traballo ou pensando nas tarefas cotiás. A nosa senda desta xornada discorreu polos xardíns de Méndez Núñez, que agocha secretos vexetais de gran valor. A admiración dos singulares exemplares que hai moitas décadas foron plantados nesta zona descóbrenos un patrimonio que, nun pequeno espazo, reflicte na diversidade adaptativa do Planeta a través dalgunhas das súas mais maravillosas criaturas: os árbores.



## 25 DE ABRIL

# DÍA INTERNACIONAL DE CONCIENCIACIÓN FRONTE O RUÍDO

Con motivo do Día Internacional de Concienciación fronte o Ruído este ano desenvolvimos a actividade educativa no Centro de Menores Concepción Arenal de Palavea.

O Día Internacional da Concienciación sobre o Ruído celebrouse por primeira vez o 24 de Abril de 1996, como parte dunha conferencia local organizada pola "Liga de Persoas con Problemas Auditivos" en Nova York. Na actualidade integra un programa internacional no que participan cidades dos Estados Unidos, Canadá, Europa e Asia. En España está promovido pola Sociedade Española de Acústica, e celébrase o último mércores de abril de cada ano, como unha forma de chamar a atención dos cidadáns acerca da importancia do silencio e o cada vez máis grave problema da contaminación acústica.

A actividade no Centro de Menores ocupouse dos sons silenciados na nosa cidade. A primavera achéganos o canto das aves e, a noite, activa a insectos e pequenos mamíferos. Pero, outros moitos ruídos fan que sexan sons inaudibles para a maioría dos cidadáns. Por experiencias e investigacións noutras contornas urbanas coñecemos que moitas especies animais cambiaron as súas frecuencias, tons e intensidade de emisións acústicas. Está a suceder na Coruña? Non coñecemos en detalle que pode ocorrer na nosa cidade, pero nesta xornada reflexionamos co alumnado acerca dun problema crecente e detectamos quen son os culpables. Os vehículos a motor, as vías rápidas polas que transitan, as vivendas, as radios ou televisores a altos volumes en lugares públicos (autobuses, cafés, salas de espera...); a proliferación de bares nocturnos en áreas residenciais, as conversacións en voz moi alta...

Evitar entre todos a emisión de ruído nese tipo de situacións é protexer a nosa saúde.

A cidade da Coruña conta desde o 21 de xullo de 2014 coa súa propia "**Ordenanza Municipal de Protección Contra a Contaminación Acústica**", que é unha adaptación ao ámbito local da normativa estatal reguladora da emisión e recepción de ruídos e vibracións. Publicada no BOP número 151 de 11/8/2014, regula aspectos como os niveis de contaminación acústica e a prevención desta, a creación de Zonas de Protección Acústica Especial, as condicións e medidas de protección esixibles tanto para actividades comerciais como para vehículos, obras ou eventos populares, así como os sistemas de inspección e o réxime sancionador.

Con obxecto de determinar ademais o grao de contaminación acústica das diferentes áreas da cidade, o Concello elaborou un Mapa de Ruído que identifica barrio por barrio as áreas máis afectadas por este problema a fin de solucionar as súas causas.





## BIOCULTURA

A Coruña acolleu a primeira edición de BioCultura en Galicia. A feira, que tivo lugar entre os días 2 e 4 de marzo, contou co apoio do Concello da Coruña e o Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica entre outros.

Biocultura é o principal escaparate de iniciativas ecolóxicas e de consumo responsable en España. Cunha participación sobresaliente (202 expositores de múltiples sectores como a agricultura ecolóxica, a moda, a cosmética con certificación ecolóxica, o lecer, a alimentación e con máis de 15.000 referencias de produtos) atraeu ata a nosa cidade a moitos interesados no sector. A presenza de 64 empresas galegas, das cales a metade atópanse englobadas no Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia, evidencian que o sector do verde (e o azul) experimenta un crecemento moi relevante na economía rexional.

Paralelamente á exhibición e venda de produtos, na feira tamén se desenvolveron talleres, charlas, degustacións e demostracións nun programa que incluíu unhas 150 actividades dirixidas aos máis de 13.000 visitantes que percorreron o recinto. Moitos visitantes vindos de fóra da nosa provincia aproveitaron o evento para achegarse ata a nosa cidade nunhas xornadas nas que o tempo respectou o paseo e o lecer.

Polo nivel e cantidade dos exhibidores do CRAEGA (Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica) compareceu na feira como convidado a unha charla o presidente deste grupo de produtores sustentables. Galicia, que fose elixida en BioCultura Madrid como a "Comunidade Autónoma do Ano" puido, desta maneira, celebralo na Coruña.

Actividades do Programa de Educación Ambiental en BioCultura



Francisco Valladares, como presidente do CRAEGA, aproveitan a súa presenza na feira para lamentar a morneza coa que a administración galega apoia este tipo de iniciativas do sector primario ambiental. Un sector que crece, afirmou, ao 30-35% anual e que merecería un maior impulso por parte das autoridades do sector. De todos os xeitos, no pasado a situación era aínda peor, concluíu. A visibilidade de iniciativas como a impulsada entre BioCultura e A Coruña é unha gran noticia que debería de consolidarse en futuras edicións.

A directora de BioCultura, Ángeles Parra explicou a elección da Coruña como nova sede neste ano 2018: "En Galicia se está desarrollando muy favorablemente el sector de la producción agroganadera ecológica -explica-, y nos parecía que un evento como este viene a apoyar este crecimiento y esta apuesta de productores por convertirse en ecológicos.

Es un apoyo importante para el desarrollo del sector y también para el del consumo del producto ecológico en Galicia, que lamentablemente respecto a otras comunidades todavía es bajito».

Xunto a Barcelona, Madrid e Bilbao que terán tamén a súa feira neste ano 2018, A Coruña estivo no escaparate do saudable e ecolóxico estas datas de marzo. O esforzo por este tipo de iniciativas de valor ambiental é unha aposta económica do goberno de María Pita.

Actividades do Programa de Educación Ambiental en BioCultura



# CO<sub>2</sub>RUÑA

[www.coruna.es/medioambiente](http://www.coruna.es/medioambiente)

síguenos en:



C02Coruña



@C02Coruna

@airecoruna

@CorunaSostible

Para más información sobre os  
Programas de Educación Ambiental

981 903 834  
[educacionambiental@coruna.es](mailto:educacionambiental@coruna.es)



Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña

